

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –Entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio da Aula de Cultura da CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1989, ven de convoca-lo «XIV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexer polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o desexen, sexa cal fora o seu lugar de residencia, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de *O NADAL*, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e ó seu Belén.
- 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:  
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 30.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.  
SEGUNDO PREMIO, 20.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.  
TERCEIRO PREMIO, 15.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- 6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro do mil novecentos noventa.
- 7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

# BASES

BEGONTE (LUGO), novembro de 1989.